



OBRADOIRO DO ESPECTADOR

ABRIL MAIO XUÑO 2009

PRESENTACIÓN

3 de abril ás 20.30 h, no CSC Fontiñas (entrada libre)

A **Rede Municipal de Centros Socioculturais** presenta **Obradoiro do Espectador**, unha proposta do **Grupo Chévere**, compañía residente na **Sala NASA**.

Santiago de Compostela ten unha carteleira teatral especialmente plural e diversa, gracias a existencia de salas privadas que complementan a programación institucional, garantindo a presenza regular dos **autores máis novos e as compañías máis arriscadas**.

Sen embargo, o uso de novos códigos narrativos e formais, a mestura de linguaxes e a **dimensión experimental** de moitas destas obras, establecen unha distancia co teatro tradicional e supoñen unha importante dificultade de acceso para espectadores non familiarizados.

É por iso que se fai necesario facilitar ferramentas e recursos, de maneira que se contribúa á formación dos espectadores da nosa cidade, **aproximando público, artistas e salas**

PÚBLICOS O **Obradoiro do Espectador** diríxese a todas as persoas interesadas en ampliar a súa mirada teatral e compartir a experiencia do teatro cos propios creadores e outros espectadores.

ACCIÓNS As actividades do **Obradoiro do Espectador** estruturanse en tres apartados:

Asistencia a espectáculos A parte fundamental do obradoiro é, por suposto, a asistencia a un espectáculo cada mes. As persoas participantes no obradoiro recibirán entradas para poder asistir ás representacións.

Encontros-coloquio cos creadores Como complemento á asistencia aos espectáculos, propoñemos realizar un coloquio inmediatamente despois de ver a obra, con participación dos membros da compañía e dos espectadores participantes no obradoiro.

Adestramento regular do espectador As sesións de adestramento, que tamén funcionarán como sesións preparatorias, desenvolveranse unha vez por mes antes de asistir aos espectáculos. Cada sesión terá unha duración de 1 hora e media, ofrecendo claves que faciliten a comprensión da obra que imos ver, situando o autor e a compañía no seu contexto histórico e estético. Estas sesións estarán dirixidas por **Xesús Ron**, director da **Sala NASA** e do **Grupo Chévere**.

LUGARES As sesións de adestramento terán lugar nos **centros socioculturais de Santiago**. Os espectáculos e o coloquio posterior terán lugar na **Sala NASA**.

DATAS Abril, maio e xuño 2009.

Presentación Venres 3 de abril ás 20.30 h, no CSC Fontiñas

Obradoiro 1 21 e 24 de abril.

Obradoiro 2 26 e 29 de maio.

Obradoiro 3 16 e 19 de xuño.

PRAZAS 20 persoas por obradoiro.

PREZO 3 obradoiros: 24 €. 1 obradoiro: 8 €.

O prezo dos obradoiros, inclúen cadansúa entrada para a representación na **Sala NASA**

INSCRÍBETE A partir do 20 marzo en **CSXM O Ensanche**, ata completar prazas.

INFORMACIÓN 981.543.001

ENDEREZOS

CSXM O Ensanche Rúa Frei Rosendo Salvado, 14-16

CSC José Saramago Vite Rúa Carlos Maside, 7

CSC Fontiñas Rúa Berlín, 13

Sala NASA Rúa San Lourenzo, 51-33 B

rúa aire

Compañía: O retrete de Dorian Gray

Sesión de adestramento
Martes 21 de abril ás 19.00 h
No CSC José Saramago Vite

Representación

Venres 24 abril ás 21.30 h
Na Sala NASA

Encontro-coloquio cos creadores

Venres 24 abril ás 23.00 h
Na Sala NASA



Esta compañía ten a súa sede en Barcelona, pero formouse en Santiago de Compostela e mantén unha presenza regular na carteleira galega. De feito, esta obra é unha co-produción do Centro Dramático Galego.

Trátase dunha proposta de teatro de obxectos dirixida ao público familiar.

menos 1

Compañía: Pisando ovos danza


Sesión de adestramento
Martes 26 de maio ás 19.00 h
No CSXM O Ensanche

Representación

Venres 29 de maio ás 21.30 h
Na Sala NASA

Encontro-coloquio cos creadores

Venres 29 de maio ás 23.00 h



Pisando Ovos é unha das compañías que está a situar a danza galega no mapa da danza contemporánea, cun traballo que fusiona a esixencia física e as suxestións poéticas do movemento.

Neste caso, Rut Balbís fai un solo de danza no que se confunden imaxes con formas que se convirten no que non son.

Iliria

Compañía: Elefante elegante teatro

Sesión de adestramento
Martes 16 de xuño ás 19.00h
No CSC José Saramago Vite

Representación

Venres 19 de xuño ás 21.30 h
Na Sala NASA

Encontro-coloquio cos creadores

Venres 19 de xuño ás 23.00 h
Na Sala NASA



A Compañía do Elefante Elegante presenta un espectáculo de teatro, música e movemento a partir da "Noite de reis" de W. Shakespeare.

Na illa de Iliria o Duque Orsino morre de amores por Olivia, pero o seu amor non é correspondido. Ao mesmo tempo, dous irmáns xémeos, Violeta e Sebastián, naufragan na costa de Iliria.

Violeta vese obrigada a disfrazarse de home coas roupas do irmán para poder sobrevivir nun país estranxeiro. Pero Sebastián tamén se salvou, e sen saber un do feliz destino do outro, acaban por crear os máis divertidos equívocos amorosos.



OBRADOIRO ABRIL MAIO XUÑO 2009 DO **ESPECTADOR**

PRESENTACIÓN

3 de abril ás 20.30 h, no csc fontañas (entrada libre)

A *Rede Municipal de Centros Socioculturais* presenta *Obradoiro do Espectador*, unha proposta do *Grupo Chévere*, compañía residente na *Sala NASA*.

Santiago de Compostela ten unha carteleira teatral especialmente plural e diversa, gracias a existencia de salas privadas que complementan a programación institucional, garantindo a presenza regular dos *autores máis novos e as compañías máis arriscadas*.

Sen embargo, o uso de novos códigos narrativos e formais, a mestura de linguaxes e a *dimensión experimental* de moitas destas obras, establecen unha distancia co teatro tradicional e supoñen unha importante dificultade de acceso para espectadores non familiarizados.

É por iso que se fai necesario facilitar ferramentas e recursos, de maneira que se contribúa á formación dos espectadores da nosa cidade, *aproximando público, artistas e salas*

INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS

CSXM O Ensanche Rúa Frei Rosendo Salvado 14/16 T.981.543.001


CONCELLO DE
SANTIAGO
Concellaría de Cultura
e Centros Socioculturais


REDE MUNICIPAL
DE CENTROS
SOCIOCULTURALS

NASA CHÉVERE